

MATERIA
Dereito Constitucional II

TITULACIÓN
Dereito

unidade
didáctica
1

Ciencias Sociais e Xurídicas

A definición dos dereitos como dereitos fundamentais

Vicente A. Sanjurjo Rivo

Área Dereito Constitucional
Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
Facultade de Dereito



DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na
licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo
excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-53-1

MATERIA: Dereito constitucional II

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

INTRODUCCIÓN

Unidade didáctica I. A definición dos dereitos como dereitos fundamentais

Concepto

Dobre carácter dos dereitos fundamentais

Titularidade dos dereitos fundamentais: cidadáns e estranxeiros

Natureza e estatuto constitucional dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do Título I

Unidade didáctica II. A igualdade constitucional

Unidade didáctica III. O dereitos constitutivos da personalidade I: Dereito á vida, dereito á integridade física e moral, liberdade ideolóxica e liberdade relixiosa

O dereito á vida

O dereito á integridade física e moral

A liberdade ideolóxica

A liberdade relixiosa

Unidade didáctica IV. Os dereitos constitutivos da personalidade II: Liberdade e seguridade persoal

Recoñecemento constitucional

A detención preventiva: Garantías constitucionais

Garantías constitucionais: Os dereitos do detido

Intervención xudicial. En especial a prisión provisional

O procedemento de habeas corpus

Unidade didáctica V. Os dereitos constitutivos da personalidade III: Os dereitos da personalidade

O dereito ao honor

O dereito á intimidade

O dereito á propia imaxe

Tutela xudicial dos dereitos da personalidade

Os dereitos instrumentais dos dereitos da personalidade: inviolabilidade de domicilio, segredo das comunicacións e autodeterminación informativa

Unidade didáctica VI. Os dereitos da comunicación física, intelectual e social

Liberdade de residencia e circulación

Liberdade de expresión: delimitación dos demais dereitos recoñecidos no artigo 20 CE

Dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica

Liberdade de cátedra

Dereito á información

O dereito de rectificación

Dereito de reunión

Dereito de asociación

Unidade didáctica VII. Os dereitos de participación

O dereito de participación

Dereito de acceso á función pública

Dereito á tutela xudicial efectiva

As garantías procesuais comúns a todo tipo de procesos

As garantías específicas do proceso penal

O principio de legalidade no dereito sancionador

Orientacións das penas e dereitos dos condenados

Dereito á educación e liberdade de ensinanza

Liberdade sindical e dereito de folga

O dereito de petición

Unidade didáctica VIII. Os dereitos e deberes dos cidadáns

Os deberes constitucionais

Dereito ao matrimonio

Dereito de propiedade

Dereito de fundación

Dereito ao traballo e liberdade de profesión e oficio

Dereito á negociación colectiva e medidas de conflito colectivo

Liberdade de prensa no marco da economía de mercado

O Capítulo III: Os principios reitores da política social e económica

Unidade didáctica IX. A garantía constitucional dos dereitos

As garantías dos dereitos na Constitución española

O sistema de protección dos dereitos fundamentais

O procedemento preferente sumario ante os tribunais de xustiza ordinarios

O recurso de amparo

As garantías dos principios reitores da política social e económica

Unidade didáctica X. O Tribunal constitucional

Tribunal constitucional e división de poderes

O Tribunal constitucional español: composición e organización

As competencias do Tribunal constitucional

O control de normas

O conflito de competencias

O conflito de atribucións

O conflito en defensa da autonomía local

Unidade didáctica XI. A reforma da Constitución

O concepto da reforma da Constitución

As tradicións europea e americana

A reforma da Constitución española de 1978

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS

1. Concepto
2. Dobre carácter dos dereitos fundamentais
3. Titularidade dos dereitos fundamentais: cidadáns e estranxeiros
4. Natureza e estatuto constitucional dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do Título I
 - 4.1. Os dereitos fundamentais na Constitución
 - 4.2. O estatuto constitucional dos dereitos e liberdades da Sección Primeira do Capítulo Segundo
 - 4.3. O estatuto constitucional da igualdade e da obxección de conciencia
 - 4.4. Os principios reitores da política social e económica

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica forma parte da materia «Dereito Constitucional II» e os seus destinatarios son os alumnos de segundo curso do Grao en Dereito.

Os dereitos fundamentais están indisolublemente ligados ao constitucionalismo democrático. Talvez iso propiciou un uso xeneralizado do concepto de dereitos fundamentais que desborda o ámbito científico para incorporarse tamén á linguaxe común. Por iso faise necesario precisar en sentido xurídico-constitucional o concepto de dereitos fundamentais.

Ademais diso, nesta unidade didáctica abordaranse distintos aspectos da teoría xeral dos dereitos fundamentais, que son imprescindibles coñecer para o estudo en detalle de cada un dos dereitos fundamentais que integran o programa da materia. E, finalmente, exporase nesta unidade didáctica unha sistematización da distinta natureza dos dereitos recoñecidos no Título I da Constitución española de 1978.

OBXECTIVOS

Os obxectivos desta unidade didáctica son:

- Asumir a importancia dos dereitos fundamentais na sociedade actual dende unha perspectiva crítica e construtiva.
- Comprender e manexar as categorías e conceptos básicos relativos á teoría xeral dos dereitos fundamentais.
- Adquirir a capacidade de trasladar esas categorías de teoría xeral dos dereitos fundamentais ao análise e estudo pormenorizado dos distintos dereitos fundamentais que conforman o programa da materia de Dereito Constitucional II, así como aos problemas e cuestións que aqueles suscitan tanto desde o punto de vista da súa regulación legislativa como desde a perspectiva da súa interpretación xurisprudencial.
- Saber argumentar xuridicamente e resolver problemas referidos aos dereitos fundamentais.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O Plan Boloña comporta unha nova orientación metodolóxica que ten importantes consecuencias no que facer docente. A comprensión de coñecementos teóricos continúa sendo básica e fundamental para a formación do alumno. Pero a necesaria bagaxe teórica debe porse ao servizo da adquisición dunha serie de competencias e habilidades de orde práctica.

A actividade docente organizarase como se detalla a continuación:

- a) Docencia expositiva: utilízase para actividades presenciais de tipo expositivo que non requiren unha participación particularmente activa do estudante, o que non implica de ningún xeito que este non poida participar

dando o seu punto de vista sobre as distintas cuestións que xurdan ao fío da exposición ou ben realizar consultas. A través das clases teóricas poranse de relevo os conceptos básicos de cada lección, necesarios para que o alumno poida realizar as súas tarefas de estudo persoal, así como para desenvolver con éxito as prácticas que se expoñan ao longo do curso.

- b) Docencia interactiva: de acordo co proceso de converxencia europea, parte das clases presenciais consistirán en levar a cabo actividades prácticas que os estudantes deberán desenvolver en grupos reducidos ao longo do curso para superar a materia. A adquisición de certa destreza na resolución de casos prácticos e a participación activa do discente no seu proceso de aprendizaxe constitúe un dos obxectivos esenciais do curso. A consecución de tal obxectivo presupón a adquisición de coñecementos teóricos que se han de aplicar para achar unha determinada solución a un concreto problema xurídico, converténdose deste xeito a docencia práctica nunha ferramenta fundamental para a consolidación dos devanditos coñecementos.

Polo que se refire á actividade do alumno, para lograr un efectivo aproveitamento é recomendable que desenvolva as seguintes tarefas. De forma previa ás clases teóricas, prácticas e seminarios de cada un dos temas, deberá traballar os materiais, a bibliografía ou os recursos que fosen recomendados polo profesor e tratará de resolver aquelas cuestións ou casos prácticos que lle sexan propostos. Desta forma contará coas ferramentas precisas para estar en disposición de participar de forma activa nas sesións presenciais —expositivas ou interactivas— nas que se aborden os contidos correspondentes e se discuta o caso ou o problema tratado en cada unha delas. Así mesmo deberán tomar notas das explicacións teóricas, manexar os manuais de consulta, estudar a lexislación pertinente e consultar a xurisprudencia relacionada co ámbito de estudo. Participar de xeito activo na aula e preocuparse por aqueles temas de actualidade relacionados co exercicio dos dereitos fundamentais que serán obxecto de debate e discusión.

Neste novo modelo de aprendizaxe, autónoma e construtiva, que pretende optimizar o emprego dos diferentes recursos dispoñibles, é de gran utilidade e aproveitamento a USC-Virtual. A plataforma virtual da USC será habilitada e usada tanto para verter gran parte dos contidos teóricos da Unidade Didáctica (en formato presentación gráfica) e referenciar a documentación coa que se realizarán as prácticas, como para facer unha periodización do traballo e levar a cabo titorías virtuais. Igualmente utilizarase para organizar aos alumnos nas sesións interactivas en grupos de traballo cooperativo, elaborar cuestionarios de autoavaliación, e mesmo colector para a recepción polo profesor dos traballos elaborados individualmente ou en grupo polos alumnos.

OS CONTIDOS

1. Concepto

O termo «dereitos fundamentais» acúñase moito despois do establecemento no continente europeo do Estado constitucional. En realidade só se utiliza no sentido que hoxe lle damos ao mesmo a partir do constitucionalismo posterior á Primeira Guerra Mundial e, sobre todo, trala Segunda Guerra Mundial.

A expresión é de orixe alemá (*Grundrechte*) e utilízase por primeira vez na Constitución de 20 de decembro de 1848. Esta Constitución tivo unha vixencia temporal moi limitada e, en consecuencia, o concepto de dereitos fundamentais permaneceu practicamente inédito. De feito, no constitucionalismo alemán posterior non se fará uso do mesmo ata despois da Primeira Guerra Mundial, coa aprobación da Constitución de Weimar e, tras a Segunda Guerra Mundial, coa súa incorporación polo constituínte da Lei Fundamental de Bonn de 1949. A partir dese momento o termo consolídase e esténdese por todo o constitucionalismo continental europeo, fenómeno ao que en absoluto é alleo o constituínte español de 1978.

En efecto, co final da Primeira Guerra Mundial iniciáranse en distintos países europeos —Alemaña, Austria, Checoslovaquia, España— senllos procesos constituíntes nos que, por vez primeira no continente europeo, se constrúe o Estado sobre a base do principio de soberanía popular. Será neses países nos que se iniciará a constitucionalización dos dereitos, que desembocará na súa formalización como dereitos fundamentais.

O constitucionalismo posterior á Primeira Guerra Mundial porá fin ao Estado oligárquico do século XIX e dará paso ao Estado democrático do XX. Con todo, haberá que esperar ao final da Segunda Guerra Mundial para que se iniciase o proceso de xeneralización do Estado democrático. E nese contexto, a Constitución de Weimar representará o exemplo paradigmático no que se condensarán os problemas políticos e constitucionais propios da época, incluídos os relativos aos dereitos fundamentais que nos ocupan.

O punto de partida do debate en Weimar foi curiosamente o mesmo que se produciu nos Estados Unidos entre Federalistas e Anti-federalistas sobre o sentido da inclusión dos dereitos nunha Constitución baseada no principio de soberanía popular. Respecto diso dicíase que unha declaración de dereitos tiña sentido no Estado monárquico do século XIX no que a sociedade debía protexerse fronte ao Monarca. De aí os dereitos e de aí tamén a súa reserva de lei, isto é, a necesaria participación do Parlamento en toda intervención do Estado na sociedade. Pero nun Estado no que todo poder procede do pobo tales reservas legais de dereitos son innecesarias. E con todo, da mesma maneira que nos Estados Unidos os dereitos terminaron por incorporarse á Constitución Federal, así tamén o farían á Constitución de Weimar.

Pero mentres nos Estados Unidos os dereitos se incorporaron a través de dez emendas breves, mediante as cales se recoñecían e garantían os dereitos fundamentais dos individuos, aínda cando expresamente o constituínte americano non utilizase esa expresión; o constituínte de Weimar, pola contra, si a empregou, pero incluíu na categoría de dereitos fundamentais todo un conxunto heteroxéneo e

disperso de dereitos. Ao non prever a Constitución de Weimar un órgano —o Tribunal Constitucional— de control de constitucionalidade da lei, non había posibilidade de construír unha doutrina constitucional xurisprudencial sobre os dereitos fundamentais. Esa carencia, con todo, foi cuberta pola doutrina académica que irá perfilando os elementos definitorios dos dereitos como dereitos fundamentais. Con esta doutrina o que se perseguía, en definitiva, era deslindar aquelas normas da Constitución de Weimar que contiñan auténticos dereitos fundamentais daquelas outras que non os contiñan.

Aínda cando esa doutrina non tivo sequera oportunidade de ser contrastada coa práctica real co advenimiento do Nacional-Socialismo, as súas formulacións esenciais foron incorporadas na Lei Fundamental de Bonn, que recolle de forma expresa todos os elementos que, desde entón, enténdese que conforman os dereitos fundamentais:

- eficacia directa;
- vinculación dos poderes públicos;
- indispoñibilidade para o lexislador;
- contido esencial dos dereitos;
- control xudicial.

Os dereitos fundamentais son, pois, os dereitos naturais constitucionalizados sobre a base do principio da soberanía popular. Para que os dereitos se convertan en dereitos fundamentais teñen que incorporarse a unha Constitución que, en tanto que expresión da soberanía popular encarnada no poder constituínte, se proclame expresamente como norma xurídica suprema. E ademais que preveña mecanismos para garantir esa supremacía sobre todas as demais normas do ordenamento, en particular sobre a lei.

2. Dobre carácter dos dereitos fundamentais

Os dereitos fundamentais son os dereitos naturais constitucionalizados democraticamente. Son, por tanto, expresión simultánea da natureza humana e da técnica do home.

A súa concepción como dereitos naturais operou como un obstáculo para a súa constitucionalización. En primeiro lugar, porque a súa listaxe exhaustiva e pechada nun texto constitucional podería supor na práctica unha restrición dos dereitos individuais, na medida que os dereitos non recollidos expresamente na Constitución poderían quedar a disposición do lexislador. E en segundo lugar, porque polo seu propio carácter de naturais, resultaban tan obvios que se vía innecesaria a súa inclusión expresa nun texto constitucional.

O devir dos acontecementos veu demostrar sen ningún xénero de dúbidas que a constitucionalización dos dereitos non supuxo unha restrición dos mesmos nin, por outra banda, que o seu recoñecemento expreso fose superfluo. Pola contra, a ampliación dos orixinais dereitos naturais do home trae causa da súa constitucionalización, como facilmente dedúcese da mera comparación dos textos constitucionais de finais do século XVIII, do XIX e os actuais. Con todo, aínda cando

non triunfasen as teses *iusnaturalistas* máis puristas, o certo é que si deixaron o seu sinal nos textos constitucionais. Os dereitos naturais foron constitucionalizados pero sen perder o seu carácter de previos ao Estado e á Constitución e, polo mesmo, non dispoñibles non só para o lexislador senón tamén para o poder constituínte constituído.

Foi Konrad Hesse o que a partir do carácter dos dereitos como naturais e fundamentais construíu a *teoría do dobre carácter dos dereitos constitucionais*. En virtude dese dobre carácter, os dereitos operan, por unha banda, como delimitadores da esfera de liberdade persoal do cidadán e, pola outra, como elementos constitutivos do ordenamento dos poderes do Estado.

Na súa primeira vertente, isto é, como dereitos subxectivos, virían ser expresión do que en cada momento histórico se identifica coa dignidade do ser humano. E por iso é polo que comprenden non só os dereitos clásicos de liberdade fronte ao Estado, senón tamén determinados dereitos de prestación, que esixen unha intervención activa do Estado.

Na súa segunda vertente, os dereitos actúan tamén como elementos obxectivos do ordenamento constitucional do Estado. E iso, á súa vez, nun dobre sentido:

- a) No de que o Estado só ten sentido como expresión política dunha sociedade integrada por individuos titulares de dereitos.
- b) No de que o poder do Estado nas súas diversas manifestacións atopa o seu fundamento nos dereitos fundamentais. A composición e o funcionamento dos *poderes políticos do Estado* trae causa do exercicio dos dereitos de sufraxio e asociación política dos cidadáns. A través do exercicio do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva ponse en funcionamento o *poder xurídico do Estado*, a fin de controlar a adecuación ou non a dereito das condutas dos cidadáns ou dos poderes públicos. Por iso, aínda que os dereitos fundamentais integran o que, na clásica división, denomínase parte dogmática da Constitución, están tamén no fundamento da súa parte orgánica.

3. Titularidade dos dereitos fundamentais: cidadáns e estranxeiros

O problema da titularidade dos dereitos fundamentais trae causa dese dobre carácter ao que se facía antes referencia. Se os dereitos fosen exclusivamente naturais, todos os individuos con independencia da súa nacionalidade serían titulares dos mesmos. Se, en cambio, fosen exclusivamente constitucionais, unicamente serían titulares deles os cidadáns do Estado.

O poder constituínte non o exercen os homes en xeral, senón a poboación dun determinado territorio. E ao encarnar o poder constituínte, os individuos dun determinado territorio convértense en cidadáns. Os cidadáns son suxeitos de dereitos que se dan a si mesmos a través da súa participación no poder constituínte do Estado constitucional. Por iso non todos os homes, aínda que sexan iguais por

natureza, son iguais politicamente. Sono unicamente aqueles que forman parte da comunidade política que conforma o poder constituínte do Estado.

A igualdade constitucional é unha construción xurídica que apela á igualdade da condición humana pero que non é idéntica a ela. A igualdade política está referida a un territorio determinado sobre o que se asenta unha determinada poboación que, mediante o exercicio do poder constituínte, dótase dun Estado constitucional. En consecuencia, todos os homes son iguais por natureza, pero politicamente só o son os cidadáns do Estado.

A distinción entre igualdade política e igualdade humana ou natural explica por que os estranxeiros e os nacionais poden non ser titulares dos dereitos nas mesmas condicións. Por iso é polo que un trato diferenciador entre cidadáns pode crebar o principio de igualdade constitucional e, en cambio, constituír unha diferenciación lexítima cando o destinatario da mesma é un estranxeiro.

Os cidadáns son titulares dos dereitos constitucionais no mesmo grao e extensión aínda que poida haber diferenzas no concreto exercicio dos mesmos. En cambio, os estranxeiros non o son. Serán titulares daqueles dereitos naturais indiscutibles, como o dereito á vida, á liberdade persoal, etc.; pero no que incumbe a todos os demais dependerá da decisión que respecto diso adopte o poder constituínte con relación aos estranxeiros que teñan algún tipo de conexión co territorio do Estado. En consecuencia, esa decisión variará segundo os países.


4. Natureza e estatuto constitucional dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do Título I

O Título I da Constitución leva por rúbrica «Dos dereitos e deberes fundamentais». Con todo, non todos os dereitos recolleitos no Título I son fundamentais, nin todos os dereitos que si son fundamentais gozan de idéntico estatuto xurídico.

O Título I da Constitución española de 1978 comprende 46 artigos. Todos eles, excepto o artigo 10 referido á dignidade humana, están agrupados en cinco capítulos. O primeiro leva por rúbrica «Dos españois e os estranxeiros». O segundo, «Dereitos e liberdades», á súa vez dividido en dúas seccións: a primeira, «Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas», e a segunda «Dos dereitos e deberes dos cidadáns». O terceiro capítulo leva por rúbrica «Dos principios reitores da política social e económica». O cuarto, «Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais». E, finalmente, o quinto, «Da suspensión dos dereitos e liberdades».

Como facilmente pode apreciarse, aínda cando a rúbrica do Título I é «Dos dereitos e deberes fundamentais», e que do seu teor literal podería deducirse que todos os dereitos contidos no mesmo son fundamentais, o certo é que o constituínte utiliza ao longo do Título I os termos de dereitos fundamentais ou simplemente dereitos sen o cualificativo de fundamentais. En consecuencia, faise imprescindible levar a cabo unha operación de delimitación daquelas normas do Título primeiro que conteñen dereitos fundamentais daquelas que non o fan. E, á súa vez, entre as primeiras haberá que analizar se todos os dereitos fundamentais participan do mesmo estatuto xurídico e, de non ser así, cal é o estatuto de cada un deles. E, por

último, haberá que identificar aquelas normas que aínda estando recollidas nun título que leva por rúbrica «Dos dereitos e deberes fundamentais», en realidade non son nin unha cousa nin a outra.



4.1. Os dereitos fundamentais na Constitución

O constituínte utiliza expresamente o termo de dereitos fundamentais unicamente para referirse aos dereitos recolleitos na Sección Primeira do Capítulo Segundo, que comprende desde o artigo 15 ao 29 da Constitución. Por tanto, podería concluírse que os dereitos recolleitos nas normas da Sección Segunda —artigos 30 a 38— non son dereitos fundamentais, ao non referirse a eles neses termos o constituínte.

Con todo, non é así. Os dereitos fundamentais son, como xa se indicou anteriormente, os dereitos naturais democraticamente constitucionalizados acompañados das notas distintivas de eficacia directa e vinculación aos poderes públicos, indispoñibilidade para o legislador no seu contido esencial, control xudicial e control de constitucionalidade. Todos os dereitos que participen desas notas distintivas serán dereitos fundamentais.

E con esas notas distintivas recoñece a Constitución non só aos dereitos da Sección Primeira, senón tamén aos da Sección Segunda do Capítulo Segundo do Título Primeiro, tal e como recolle o artigo 53.1 da Constitución.

Así pois, dereitos fundamentais son todos os dereitos contidos no Capítulo Segundo. Agora ben, que todos os dereitos recolleitos no Capítulo Segundo (arts. 14 a 38 da Constitución) teñan o carácter de dereitos fundamentais, non significa, como veremos a continuación, que compartan idéntico estatuto constitucional.

4.2. O estatuto constitucional dos dereitos e liberdades da Sección Primeira do Capítulo Segundo

O constituínte refírese aos preceptos comprendidos entre os artigos 15 e 29 — os da Sección Primeira do Capítulo II— expresamente como dereitos fundamentais. Como xa se sinalou, non quere iso dicir que os dereitos recolleitos na Sección Segunda non sexan á súa vez tamén dereitos fundamentais. Esa distinción nominal entre os dereitos dunha e outra Sección non afecta á súa natureza, aínda que si en cambio ao seu estatuto constitucional.

Ese estatuto constitucional defínese pola concorrencia de tres garantías:

- 1) Só poden ser obxecto de revisión constitucional e non de reforma.
- 2) Só poden ser regulados mediante lei orgánica (art. 81.1 Constitución).
- 3) Pódese solicitar a tutela destes dereitos a través dun procedemento preferente e sumario ante os Tribunais de Xustiza e, no seu caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional (art. 53.2 Constitución).

4.3. O estatuto constitucional da igualdade e da obxección de conciencia

A Constitución proporciona un estatuto especial á igualdade (art. 14 Constitución) e á obxección de conciencia (art. 30.2 Constitución). Ambos dereitos diferéncianse dos recoñecidos na Sección Primeira en que non gozan das garantías da revisión constitucional (art. 168 Constitución), nin do seu desenvolvemento mediante lei orgánica (art. 81 Constitución); pero, por outra banda, diferéncianse dos da Sección Segunda, porque si están cubertos pola garantía do procedemento preferente e sumario ante os Tribunais de Xustiza e do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Así pois, na Constitución española hai tres categorías de dereitos fundamentais:

- 1) Os dereitos nominal e substancialmente fundamentais que gozan da maior protección: os recolleitos na Sección Primeira.
- 2) Os dereitos substancialmente fundamentais que gozan dun plus parcial de protección: igualdade e obxección de conciencia.
- 3) Os dereitos só substancialmente fundamentais: os da Sección Segunda, coa excepción da obxección de conciencia.

4.4. Os principios reitores da política social e económica

As normas contidas no Capítulo III: «Dos principios reitores da política social e económica» aínda cando figuran no Título I: «Dos dereitos e deberes fundamentais», non recollen ningún dereito fundamental.

Segundo despréndese do artigo 53.3 da Constitución, os «principios reitores» do Capítulo III non son dereitos fundamentais. Non vinculan, senón que orientan a acción dos poderes públicos. Tampouco son alegables directamente ante os Tribunais senón «de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan». En calquera caso, estaríamos ante dereitos de configuración legal, pero non constitucional.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Para abordar a parte práctica desta unidade formularánselles aos alumnos casos prácticos que deberán entregar antes da súa resolución na aula. Os casos serán reais e centraranse nas cuestións básicas expostas nas clases teóricas. Para a súa resolución optarase polo chamado *sistema de aprendizaxe baseado en problemas*. O estudante atópase fronte a un problema práctico e ten que resolvelo. Desa maneira vese obrigado a recorrer a habilidades específicas de comprensión e a axilizar o seu pensamento crítico e maila súa creatividade. Na maior parte das ocasións os alumnos deberán buscar nas bases de datos de xurisprudencia os recursos precisos para resolver o caso, o que enlaza coa segunda das actividades propostas.
- Nesta materia resulta fundamental o manexo de sentenzas, para facilitar a comprensión das explicacións e poñer de manifesto a repercusión práctica dos conceptos básicos empregados. Proporase, por iso, como actividade práctica, que o alumnado busque en bases de datos xurisprudenciais dúas sentenzas relativas a algunhas das cuestións suscitadas na unidade didáctica. Preténdese desta maneira que aprendan a discernir as distintas posibilidades interpretativas e aplicativas a que se prestan, así como a valorar a relevancia da doutrina xurisprudencial.
- Empregarase tamén a técnica do debate con relación a cuestións seleccionadas polo docente, e que sexan obxecto de controversia doutrinal ou xurisprudencial. Para este debate faranse grupos, debendo cada un deles argumentar e adoptar posturas a favor e en contra.
- Por último, utilizarase o visionado dunha película como estratexia pedagóxica. Despois da súa proxección os alumnos, organizados en grupos, deberán desvelar aquelas cuestións da trama que gardan relación con algún aspecto exposto na unidade didáctica. Os distintos grupos exporán por separado as súas conclusións e a continuación iniciarase un debate aberto na aula.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación desta unidade didáctica levarase a cabo conxuntamente coas restantes unidades didácticas que compoñen o programa xeral da materia, mediante un exame final que incluírá unha parte teórica e outra práctica.

Asemade, o docente levará a cabo unha avaliación específica desta unidade didáctica, tendo en conta, en xeral, a asimilación de conceptos e a aplicación práctica de coñecementos. En concreto, na resolución dos casos prácticos que se levarán a cabo nas clases interactivas valoraranse a corrección dos argumentos empregados (na medida en que acredite unha correcta comprensión dos contidos teóricos), a claridade e coherencia da solución, a correcta organización do caso e a identificación das cuestións problemáticas que suscita.

Nos debates teranse en conta a participación e a capacidade de argumentación crítica, a solidez dos argumentos, así como a adaptación ao traballo en grupo (organizando as intervencións e acordando os argumentos a empregar).

BIBLIOGRAFÍA

- ALEXY, Robert (1993): *Teoría de los derechos fundamentales*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid.
- BÖCKENFÖRDE, Ernst-Wolfgang (1993): *Escritos sobre Derechos Fundamentales*, Nomos, Baden-Baden.
- CRUZ VILLALÓN, Pedro (1989): «Formación y evolución de los derechos fundamentales», *Revista Española de Derecho Constitucional*, núm. 25.
- DÍEZ-PICAZO GIMÉNEZ, Luis María (2013): *Sistema de derechos fundamentales*, 4.ª edic., Civitas, Navarra.
- MARTÍN RETORTILLO, Lorenzo y OTTO Y PARDO, Ignacio de (1988): *Derechos Fundamentales y Constitución*, Civitas, Madrid.
- PÉREZ ROYO, Javier (2012): *Curso de Derecho Constitucional*, 13.ª edic., Marcial Pons, Madrid.
- RUBIO LLORENTE, Francisco, y otros (1995), *Derechos fundamentales y principios constitucionales (doctrina jurisprudencial)*, Ariel, Barcelona.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA